

FESTIVAIS DE FONDO “MEMORIAL GERARDO STEUDEL” E DE ESTILOS DE NATACIÓN MÁSTER

Tempada 2008 - 2009 – Circular 08-28

1.- Organización, datas e sedes

- 1.1.- O Festival de Estilos de Natación Máster celebrarase o día 18 de xaneiro de 2009 en Vigo, na piscina de As Travesas .
- 1.2.- O Festival de Fondo de Natación Máster “Memorial Gerardo Steudel” celebrarase o día 22 de marzo de 2009 en Vigo, na piscina de As Travesas
- 1.3.- As competicións desenvolveranse nunha soa sesión que dará comezo ás 10:00 horas.
- 1.4.- Polo menos unha hora antes do inicio da competición a piscina estará a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

2.- Programa de probas

Festival de Fondo:

- 1.- 1500 LIBRES F
- 2.- 1500 LIBRES M

Festival de Estilos:

- 1.- 400 ESTILOS F
- 2.- 400 ESTILOS M
- 3.- 200 ESTILOS F
- 4.- 200 ESTILOS M
- 5.- 100 ESTILOS F
- 6.- 100 ESTILOS M

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

O.- de 20-24 Anos (nacidos Anos 1989-1985)	G.-de 55-59 Anos (nacidos Anos 1954-1950)
A.- de 25-29 Anos (nacidos Anos 1984-1980)	H.- de 60-64 Anos (nacidos Anos 1949-1945)
B.- de 30-34 Anos (nacidos Anos 1979-1975)	I.- de 65-69 Anos (nacidos Anos 1944-1940)
C.-de 35-39 Anos (nacidos Anos 1974-1970)	J.- de 70-74 Anos (nacidos Anos 1939-1935)
D.- de 40-44 Anos (nacidos Anos 1969-1965)	K.-de 75-79 Anos (nacidos Anos 1934-1930)
E.- de 45-49 Anos (nacidos Anos 1964-1960)	L.-de 80-84 Anos (nacidos Ano 1929-1925)
F.- de 50-54 Anos (nacidos Anos 1959-1955)	M. 85 Anos e mais (nacidos ano 1924 e anteriores)

A idade entenderase cumprida no ano 2009.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores (españóis e estranxeiros) maiores de 20 anos. Os nadadores galegos deberán estar en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente, non ter licenza territorial ou nacional de nadador, nin estar participando en competicións oficiais de natación por club ningún.

3.4.- Os nadadores nacionais e estranxeiros deberán estar en posesión da Licenza da súa Federación de procedencia, debendo enviar previamente unha fotocopia dela, xunto coa cota da súa inscrición.

3.5.- A proba de 1500 m. libres, segundo os inscritos nela, poderá nadarse con dous participantes por pista, cubríndose as series desde a primeira até completala e así sucesivamente, comezando polas pistas laterais até

a central.

4. Inscripcións

4.1.- Os clubs realizarán as inscricións empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato .pdf (preferible) ou .doc.

4.2.- Admitiranse, de forma excepcional, inscricións utilizando as relacións nominais que figuran no ANEXO, debéndose cubrir todos os datos: categoría á que pertence o nadador, especificando o grupo, a idade e nº de Licenza (DNI) do participante, responsabilizándose da veracidade dos datos (nome, apelidos e ano nacemento). Ditas relacións remitiranse preferentemente por correo electrónico.

Enderezo da Federación Galega de Natación:

Avda. Glasgow, 13. 15008 A Coruña

Teléfono 981.17.43.77 Fax: 981.29.09.00

Correo-e: info@fegan.org Web: www.fegan.org

É moi importante que na inscrición figure o nome e medio de contacto co club que realiza a inscrición.

4.3.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN antes das 20:00 horas do día

- Festival de Estilos: 6 de xaneiro
- Festival de Fondo "Memorial Gerardo Steudel": 10 de marzo

sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

4.4.- Poderanse dar baixas até media hora antes do comezo da competición non admitíndose altas.

4.5.- O mércores anterior á competición estarán publicadas na web as listaxes de inscritos por proba. O día da competición entregarase a documentación (series e instrucións) desde unha hora antes do comezo das probas. Para retirar a documentación será necesaria a presentación da acreditación de Delegado asinada polo Club. Os Clubs que teñan ata 10 nadadores inscritos recibirán 1 xogo de serie, instrucións e 1 resultado; a partir de 11 nadadores recibirán 2 xogos de series, instrucións e 1 resultados.

4.7.- Na cámara de saídas poderá requirirse unha credencial na que figuren unha foto e os datos do nadador, número de licenza e ano de nacemento, que poderá ser substituída por una fotocopia do DNI.

5. Formula de competición

5.1.- Todas as probas disputaranse contra o reloxo.

5.2.- As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categoría.

5.3.- Puntuación: a puntuación nas probas individuais será de acordo coa táboa finlandesa: tempo en segundos x 100 / (75 + idade). A menor puntuación mellor clasificación

6.- Premios

6.1.- Premio ao mellor clasificado absoluto masculino e á mellor clasificada absoluta feminina de cada proba de acordo coa puntuación da táboa finlandesa. Os premios entregaranse ao final da competición ou na seguinte proba do calendario.

A Coruña, 27 de Xuño de 2008

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo

IMPRESO RELACIÓN NOMINAL DE PARTICIPANTES

Club:		Nº	Federación		Nº				
Para calquera aclaración, a persoa de contacto será: _____		Teléfono:			Competición: a celebrar en: os días _____ de 200__				
		Tlf. Móbil:							
		Fax:							
		Email:							
MASCULINO ____ FEMININO ____	Ano	Proba e Nº		Mellor Tempo	25 50	E M	Data	Lugar	Tope A-B
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									
Nº Licenza									
Nome									
Apelidos									
Categoría									

Non se admitirán relacións con riscadas e/ou con correccións